

Venres, 9 de decembro de 2022

Núm. 234

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL**

### **MUNICIPAL**

#### **SILLEDA**

#### **Presupostos e cadros de persoal**

#### *APROBACIÓN DEFINITIVA DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) CONCELLO DE SILLEDA*

#### *ANUNCIO*

#### *APROBACIÓN DEFINITIVA DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT). (EXPTE. 1531/2021)*

O Pleno do Concello de Silleda, na sesión celebrada o 26 de maio de 2022, aprobou inicialmente a Relación de postos de Traballo (RPT) do Concello de Silleda

No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 103, de data 31 de maio de 2022, publicouse o anuncio de exposición ao público, por un período de 20 días contados a partir do seguinte á publicación.

Presentadas reclamacións, alegacións ou suxestións no prazo establecido foron resoltas por acordo plenario, en sesión celebrada en data 24 de novembro do 2022, sendo aprobada definitivamente a Relación de Postos de Traballo (RPT).

De conformidade co disposto polo artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, procédese á publicación íntegra da mencionada Relación de Postos de Traballo (RPT)

### **RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO E ORGANIGRAMA DO CONCELLO DE SILLEDA**

#### **I. DOCUMENTACIÓN PREVIA.**

#### **1. Xustificación da necesidade de elaborar e aprobar a Relación de postos de traballo.**

#### **1. Xustificación da necesidade de elaborar a Relación de Postos de Traballo e o Organigrama.**

A necesidade do Concello de Silleda de elaborar unha Relación de Postos de Traballo e un Organigrama administrativo é consecuencia tanto de esixencias legais como de esixencias organizativas.



Venres, 9 de decembro de 2022

Núm. 234

Dende un punto de vista legal e de conformidade co artigo 90 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do réxime local:

“Las Corporaciones locales formarán la relación de todos los puestos de trabajo existentes en su organización, en los términos previstos en la legislación básica sobre función pública”

Dita lexislación básica se recolle no artigo 74 do TREBEP que establece: “Las Administraciones Públicas estructurarán su organización a través de relaciones de puestos de trabajo u otros instrumentos organizativos similares que comprenderán, al menos, la denominación de los puestos, los grupos de clasificación profesional, los cuerpos o escalas, en su caso, a que estén adscritos, los sistemas de provisión y las retribuciones complementarias. Dichos instrumentos serán públicos”

A normativa autonómica que completa esta lexislación básica está contida na Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia. O artigo 38 da mesma define a relación de postos de traballo como “ un instrumento técnico de carácter público que inclúe todos os postos de traballo de natureza funcionarial e laboral existentes en cada unha das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei” e sinala que “as administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei estruturan a súa organización, clasifican os postos de traballo existentes no seu ámbito e determinan o seu contido para a súa selección e provisión, procurando organizar, racionalizar e ordenar o persoal co obxecto de facilitar unha eficaz prestación dos servizos públicos.”

O contido mínimo da relación de postos de traballo será, para cada posto, o seguinte:

- a) O código alfanumérico, a denominación e a natureza xurídica.
- b) A clasificación profesional.
- c) O sistema de provisión.
- d) A adscrición orgánica.
- e) O complemento retributivo do posto.
- f) Os requisitos, os méritos, as capacidades e, de ser o caso, a experiencia ou categoría profesional para a súa provisión.
- g) Calquera outra circunstancia relevante para a súa provisión nos termos previstos regulamentariamente.

A ausencia de relación de postos de traballo, como instrumento básico da organización do persoal, impide o normal desenrolo da xestión de persoal, non sendo posible a súa substitución por outros instrumentos como o cadro de persoal, que regula prazas, non postos, ou pola oferta de emprego, que nin pode substituír á relación de postos de traballo nin é válida sen esta ( STS 25/06/2008)



Venres, 9 de decembro de 2022

Núm. 234

Dende un punto de vista práctico toda organización complexa precisa definir a súa propia estrutura, finalidades e asignar de acordo co anterior un reparto de tarefas eficiente, eficiencia elevada a principio constitucional polo artigo 103 da Constitución Española.

A existencia dun organigrama é esencial para definir a estrutura interna e a aplicación do principio constitucional de xerarquía. O reparto de funcións é inherente a toda organización complexa e a valoración de cada posto indispensable para o correcto funcionamento de toda organización.

A elaboración e aprobación da Relación de Postos de Traballo e o Organigrama pretende satisfacer as seguintes necesidades:

- 1) O establecemento da estrutura organizativa.
- 2) A descrición dos postos de traballo e a determinación dos requisitos precisos para a ocupación dos mesmos.
- 3) A valoración dos complementos retributivos.
- 4) A redución de temporalidade no emprego.
- 5) A funcionarización de postos de traballo.

Pasamos a analizar cada un destes obxectivos:

- 1) O establecemento da estrutura organizativa.

Sen prexuízo da existencia dunha organización máis ou menos de facto, o Concello de Silleda non conta cun organigrama e descrición de dependencias que recolla as funcións de cada departamento. Este situación provoca tanto conflitos de competencia negativa como dualidades, e favorece a confusión entre as competencias delegadas nas concellerías e as funcións do persoal que delas depende.

É unha das finalidades deste documento establecer tanto a estrutura orgánica como o reparto de funcións entre as distintas dependencias.

- 2) A descrición dos postos de traballo e a determinación dos requisitos precisos para a ocupación dos mesmos.

A ausencia dunha descrición detallada dos distintos postos impide coñecer con precisión as súas funcións, con excepción dos postos reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional as únicas funcións específicas son as que constan nos contratos de traballo e as xenéricas que a normativa establece para cada grupo.

É unha das finalidades deste documento establecer a descrición dos postos, con inclusión das súas funcións, características, requisitos de desempeño e forma de provisión.

- 3) A valoración dos complementos retributivos.



Venres, 9 de decembro de 2022

Núm. 234

Xunto coa ausencia dunha descrición dos postos non se aplicou no Concello de Silleda un verdadeiro sistema de valoración, existindo tanto diferencias non xustificadas como diferencias escasas por diferencias de funcións amplas. Existen tamén supostos nos que elementos propios das características do posto se retribúen como produtividade en lugar de incluírse no complemento específico.

É unha das finalidades deste documento establecer a valoración obxectiva dos distintos postos de traballo así como a adecuación dos distintos complementos á normativa existente.

#### 4) A redución de temporalidade no emprego.

Actualmente o Concello de Silleda presenta un grave problema de emprego temporal de longa duración en fraude de lei. O persoal existente actualmente é 14 funcionarios, 2 laborais fixos e 38 laborais indefinidos de longa duración, o que supón o 70% do persoal total e o 95% do persoal laboral. Dito importe excede obviamente do 8% fixado como obxectivo pola lexislación estatal.

Co obxecto de dar solución a este tipo de situacións a disposición adicional sexta da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público establece:

“Disposición adicional sexta. Convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de larga duración.

Las Administraciones Públicas convocarán, con carácter excepcional y de acuerdo con lo previsto en el artículo 61.6 y 7 del TREBEP, por el sistema de concurso, aquellas plazas que, reuniendo los requisitos establecidos en el artículo 2.1, hubieran estado ocupadas con carácter temporal de forma ininterrumpida con anterioridad a 1 de enero de 2016.

Estos procesos, que se realizarán por una sola vez, podrán ser objeto de negociación en cada uno de los ámbitos territoriales de la Administración del Estado, Comunidades Autónomas y Entidades Locales y respetarán, en todo caso, los plazos establecidos en esta norma”

O artigo 2.1 establece, pola súa parte:

“1. Adicionalmente a lo establecido en los artículos 19.Uno.6 de la Ley 3/2017, de 27 de junio, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2017 y 19.Uno.9 de la Ley 6/2018, de 3 de julio, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2018, se autoriza una tasa adicional para la estabilización de empleo temporal que incluirá las plazas de naturaleza estructural que, estén o no dentro de las relaciones de puestos de trabajo, plantillas u otra forma de organización de recursos humanos que estén contempladas en las distintas Administraciones Públicas y estando dotadas presupuestariamente, hayan estado ocupadas de forma temporal e ininterrumpidamente al menos en los tres años anteriores a 31 de diciembre de 2020”

As prazas afectadas polo proceso de estabilización serán polo tanto aquelas que:

1º Teñan natureza estrutural.

2º Estiveran dotadas orzamentariamente



Venres, 9 de decembro de 2022

Núm. 234

3º Estiveran ocupadas ininterrumpidamente dende o 1 de xaneiro de 2016.

Dado que os 38 temporais do Concello de Silleda compren estes requisitos é unha das finalidades deste documento a creación dos postos correspondentes, co obxecto de iniciar o proceso de estabilización recollido na citada disposición adicional sexta.

5) A funcionarización de postos de traballo.

O artigo 92 da Lei de Bases de Réxime Local establece no seu apartado segundo que “son funcións públicas, cuxo cumprimento queda reservado exclusivamente a persoal suxeito a Estatuto funcional, as que impliquen exercicio de autoridade, as de fe pública e asesoramento legal preceptivo, as de control e fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria, as de contabilidade e tesourería e, en xeral, aquelas que, en desenvolvemento da presente Lei, se reserven aos funcionarios para a mellor garantía da obxectividade, imparcialidade e independencia no exercicio da función.

Pola súa banda, o artigo 235.2 da vixente Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia establece que nas Administracións locais galegas só poderán ser desempeñados por persoal laboral:

A) os postos de natureza non permanente e aqueles de actividades dirixidas a satisfacer necesidades de carácter periódico e discontinuo, incluíndo os auxiliares da Policía local;

B) os postos de actividades propias de oficios;

C) os postos de traballo de organismos autónomos de carácter comercial, industrial, financeiro ou análogo, agás que impliquen o exercicio de autoridade, inspección ou control, que se reservarán a funcionarios.

Da lectura destes preceptos legais infírese claramente que, de conformidade coa doutrina do Tribunal Constitucional contida, entre outras, na súa Sentencia 99/1987, do 11 de xuño, o Lexislador galego estableceu o réxime funcional como réxime común do persoal ó servizo das Corporacións locais de Galicia, e configurou o réxime laboral como un réxime excepcional.

Este carácter excepcional se aplica mesmo aos supostos de persoal inicialmente declarado indefinido non fixo, establecendo o artigo 28 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia:

1. Las relaciones de puestos de trabajo serán objeto de las modificaciones necesarias para ajustarlas a la creación de puestos derivados de sentencias judiciales firmes que reconozcan situaciones laborales de carácter indefinido, cuando la persona afectada no pudiera ser adscrita a un puesto de trabajo vacante. La propuesta de modificación de la relación de puestos de trabajo deberá efectuarse en el plazo máximo de tres meses, a contar a partir de la fecha de la firmeza de la sentencia judicial.

2. Los puestos de trabajo creados en aplicación de lo previsto en este artículo se incluirán en las correspondientes relaciones de puestos de trabajo como puestos de personal funcionario o,



Venres, 9 de decembro de 2022

Núm. 234

excepcionalmente, de personal laboral cuando la naturaleza de sus funciones así lo requiera, y se incorporarán a la oferta de empleo público, salvo que se disponga su amortización.

En aplicación de dita normativa, a Relación de Postos de Traballo do Concello de Silleda creará os postos ocupados por persoal indefinido como postos de persoal laboral.

## **2.Lexislación aplicable.**

### **2. Lexislación aplicable á elaboración da Relación de Postos de Traballo.**

En primeiro lugar, de acordo co artigo 149.1.18º da Constitución e como recolle o artigo 126.4 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de Disposicións Vixentes no Réxime Local e 90 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do réxime local

“Las Corporaciones locales formarán la relación de todos los puestos de trabajo existentes en su organización, en los términos previstos en la legislación básica sobre función pública”

Dita lexislación básica parte do artigo 74 do TREBEP que establece: “Las Administraciones Públicas estructurarán su organización a través de relaciones de puestos de trabajo u otros instrumentos organizativos similares que comprenderán, al menos, la denominación de los puestos, los grupos de clasificación profesional, los cuerpos o escalas, en su caso, a que estén adscritos, los sistemas de provisión y las retribuciones complementarias. Dichos instrumentos serán públicos” Serán de aplicación tamén os preceptos básicos da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do réxime local e do TRRL

A normativa autonómica que completa esta lexislación básica está contida na Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, na Lei 5/1997 da Administración local de Galicia e o Regulamento de provisión de postos de traballo, provisión e promoción interna do persoal ó servizo da Administración Autonómica, aprobado por Decreto 93/1991 de 21 de marzo (DOGA do 25.03.1991)

Finalmente será de aplicación a normativa non básica estatal, que inclúe preceptos non básicos da Lei 30/1984, o Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e de promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, aprobado por RD 364/1995, á Orde de 02.12.1988 sobre relacións de postos de traballo na Administración Xeral do Estado; complementada pola Orde do 06.02.1989, sobre modelos de relacións de traballo, e a Orde do 21.11.1989 da Consellería Presidencia .



Venres, 9 de decembro de 2022

Núm. 234

### 3.Procedemento de elaboración e aprobación.

#### 3. Procedemento para a elaboración, tramitación e aprobación

##### 3.1 A elaboración da RPT.

A elaboración da Relación de Postos de Traballo non pode partir dunha situación abstracta, dun suposto deseño ideal do persoal do Concello de Silleda. Todo documento susceptible non xa de ser útil, senón mesmo de acadar a súa aprobación, debe partir da situación real.

Entre os principais problemas previos destacan:

- O número de persoal funcionario. Este ascende a 14 contando os dous habilitados e os 7 policías. O que implica que practicamente non hai persoal funcionario en oficinas, realizando persoal laboral funcións reservadas a funcionarios.

- Do persoal laboral, a práctica totalidade é persoal indefinido non fixo, o que obriga á aplicación do artigo 28 da Lei de emprego público de Galicia segundo o cal.

1. As relacións de postos de traballo serán obxecto das modificacións necesarias para axustalas á creación de postos derivados de sentenzas xudiciais firmes que recoñezan situacións laborais de carácter indefinido, cando a persoa afectada non poida ser adscrita a un posto de traballo vacante. A proposta de modificación da relación de postos de traballo deberá efectuarse no prazo máximo de tres meses, contados a partir da data da firmeza da sentenza xudicial.

2. Os postos de traballo creados en aplicación do previsto neste artigo incluíranse nas correspondentes relacións de postos de traballo como postos de persoal funcionario ou, excepcionalmente, de persoal laboral cando a natureza das súas funcións así o requira, e incorporaranse á oferta de emprego público, a non ser que se dispoña a súa amortización.

3. Unha vez modificada a relación de postos de traballo, a persoa afectada será adscrita ao posto de nova creación.

No proceso de elaboración desta RPT non se considera que se dean as circunstancias excepcionais sinaladas no apartado segundo, polo que todos os postos se crean como postos funcionariais.

-A ausencia de postos e, en xeral, dunha política de persoal orientada en torno ao concepto de posto conlevou en moitos casos que non houbera un verdadeiro sistema de provisión. Dita circunstancia se da tanto no persoal funcionario como no persoal laboral, existindo casos onde as tarefas a realizar son totalmente distintas das que figuran nos respectivos contratos.

Tendo en conta ditas circunstancias o proceso de elaboración foi o seguinte:

- 1) A recollida de información sobre os postos existentes.
- 2) A descrición dos postos de traballo.
- 3) A clasificación dos postos de traballo: a elaboración do organigrama.



Venres, 9 de decembro de 2022

Núm. 234

- 4) A valoración dos postos de traballo.
- 5) A elaboración e a remisión da proposta de RPT

### **3.1.1 A recollida de información sobre os postos existentes.**

Existen diferentes métodos para a recollida de información acerca dos postos de traballo, sendo os de tipo directo (a entrevista, o cuestionario, a observación e o diario), empregados de forma individual ou conxunta, os máis utilizados. O que se tenta obter e rexistrar, de xeito directo e inmediato, é a información necesaria sobre cada posto de traballo, ben acudindo ó lugar de traballo, ben solicitando do seu ocupante dita información.

No caso da Relación de Postos de Traballo do Concello de Silleda, ao ser o equipo redactor un equipo interno non se considerou precisa a realización de entrevista ou cuestionario sobre as funcións. Se aproveitou parcialmente o traballo realizado por QUORUM na elaboración de fichas para o anterior proxecto de RPT.

### **3.1.2 A descrición dos postos de traballo.**

Partindo da información recollida procedeuse a descrición dos distintos postos, cubrindo a distintas funcións nas fichas ( se omitiron inicialmente os elementos que requirían da correspondente valoración )

### **3.1.3 A clasificación dos postos de traballo: a elaboración do organigrama.**

Contando xa coas distintas funcións de cada posto procedeuse á elaboración do organigrama.

Na elaboración do organigrama favoreceuse a existencia do menor número posible de departamentos. A finalidade perseguida foi a de evitar que postos con funcións equivalentes se convertisen en compartimentos estancos, reducindo a flexibilidade no reparto de traballo. Tívoise en conta o tamaño e cantidade de persoal so Concello de Silleda. O Sistema de departamentos foi finalmente o seguinte:

- 01 Administración Xeral.
- 02 Servizos Sociais.
- 03 Educación, turismo, cultura e deportes.
- 04 Seguridade.
- 05 Obras e servizos.

### **3.1.4 A valoración dos postos de traballo.**

Contando xa coas funcións (3.1.3) e o organigrama (3.1.4) elaborouse a correspondente valoración seguindo os criterios que figuran na memoria de valoración de postos de traballo.





### 3.1.5 A elaboración e a remisión da proposta de RPT

Unha vez efectuada a valoración elaborouse a proposta que foi sometida a negociación.

### 3.2 Tramitación e aprobación.

Unha vez finalizado o proceso de elaboración deberán seguirse os seguintes pasos:

1º Negociación cos sindicatos.

2º Adaptación dos cambios que como consecuencia da negociación se realicen, de ser o caso.

3º Emisión de informes.

4º Aprobación inicial polo Pleno.

5º Exposición pública por un período non inferior a 20 días.

6º Transcorrido o devandito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se formularon reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva logo da resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas.

## II. ORGANIGRAMA E FUNCIONS.

### 1.Descripción de dependencias.

#### 1. Descrición dependencias.

O organigrama do Concello de Silleda parte da concepción de que a excesiva fragmentación de dependencias conleva dificultades na asignación de tarefas. Un excesivo número de dependencias e subdivisións provoca estanqueidade nas funcións, especialmente no persoal que realiza tarefas de apoio administrativo, ao que non se poderían encargar tarefas de negociados distintos. Este sería un problema na xestión de picos ou déficits temporais de traballo en departamentos diferenciados. O nivel de traballo pode variar ao longo do ano, e unha excesiva fragmentación impediría a adecuada xestión do persoal.

Pola contra, unha certa fragmentación é necesaria para acadar o suficiente grado de especialización.

Con dito criterio, e tendo en conta a natureza das distintas competencias exercidas polo Concello, se distinguen as seguintes dependencias:



Venres, 9 de decembro de 2022

Núm. 234

<i>CÓDIGO</i>	<i>DENOMINACIÓN</i>
01	ADMINISTRACIÓN XERAL
02	SERVICIOS SOCIAIS
03	EDUCACIÓN, TURISMO, CULTURA E DEPORTES
04	SEGURIDADE
05	OBRAS E SERVIZOS

A continuación se sinalan algunhas das principais tarefas a desempeñar polas distintas dependencias. Compre sinalar que dita lista non ten un carácter explicativo e non exhaustivo, xa que todas as competencias municipais existentes se reparten entre as mesmas.

## **01 ADMINISTRACIÓN XERAL.**

Os servizos de administración xeral asumen o conxunto de tarefas administrativas que non forman parte do ámbito de actuación das restantes dependencias e as tarefas administrativas da dependencia de obras e servizos que requiran de coñecementos técnicos. Entre as súas principais funcións podemos destacar:

1º No ámbito da secretaría municipal correspóndelle asistir de maneira directa e colaborar nas funcións que normativa e estritamente se vinculan coa figura da secretaría; Dar fé pública de todos os actos e acordos, a asesoría xurídica superior da Corporación, a súa presidencia e as comisións respectivas, e en xeral as que especificamente se sinalan no RD 128/2018, así como toda a tramitación administrativa que se derive destas actividades. Entre as súas principais funcións podemos destacar:

- Tramitación, seguimento e control dos expedientes relacionados co réxime xurídico, organización e funcionamento do Concello:

>Tramitación dos Expedientes de sesións plenaria, o cal implica o seguinte: resolución de convocatoria, traslado da convocatoria, xustificantes da súa notificación e do borrador da acta anterior, acta orixinal, oficios de remisión desta á Subdelegación do Goberno e a Xunta de Galicia e relación das resolucións da Alcaldía que foron expostas na propia sesión e traslados dos acordos adoptados.

>Tramitación dos expedientes das sesións da Xunta de Goberno Local (resolución de convocatoria, traslado da convocatoria, xustificantes da súa notificación e do borrador da acta anterior, acta orixinal, oficios de remisión desta á Subdelegación do Goberno e a Xunta de Galicia), e traslados dos acordos adoptados.

Elaboración de informes xurídicos que sexan obrigados por precepto legal ou que sexan requiridos por calquera dos órganos colexiados da corporación ou o Alcalde- Presidente da mesma.

- Tramitacións de expedientes relacionadas con bens: adquisicións, arrendamentos, usos, cesións, ou calquera outra actuación en defensa dos bens municipais.



Venres, 9 de decembro de 2022

Núm. 234

- Tramitación de expedientes sancionadores.
- Tramitación de expedientes de expropiación forzosa e responsabilidade patrimonial.

2º No ámbito do padrón, censo e estadística corresponde aos servizos de administración xeral a xestión global do censo e o Padrón municipais, así como das diferentes estatísticas sobre asuntos de competencia municipal.

Entre as súas principais funcións podemos destacar:

- A formalización, actualización, revisión e custodia do Padrón e o censo municipais.
- Mantemento actualizado do soporte informático que almacena os datos relativos ao censo e o Padrón.
- Almacenaxe e conservación dos correspondentes documentos de inscrición subscritos polos veciños (ou copias dos mesmos que non plantexen dúbidas de autenticidade)–Expedición de certificacións de empadramento, a petición dos veciños.
- Remisión mensual ao Instituto Nacional de Estatística, por medios informáticos ou telemáticos, as variacións producidas nos datos do Padrón Municipal–Remisión mensual á Oficina do Censo Electoral das variacións producidas nos datos contidos no Padrón Municipal.
- Notificacións aos veciños do contido do seus datos padroais, que se deberá facer, como mínimo, unha vez cada cinco anos, e que será de obrigado cumprimento en caso de terse producido unha actualización dos mesmos.
- Mantemento actualizado da nomenclatura e rotulación das rúas e vías públicas, así como a numeración dos seus edificios, do cal se debe informar ás restantes administracións públicas.
- Participación e colaboración nos procesos electorais, nos termos establecidos na Lei de Réxime Electoral, e en coordinación cos órganos electorais pertinentes: Xuntas electorais e os seus delegados, Subdelegación do Goberno, Consellería de Presidencia, Oficina do Censo Electoral, etc...).

3º No ámbito do rexistro e atención ao público podemos destacar:

- Rexistro xeral da documentación con entrada e saída no Concello.
- Realización de compulsas e certificacións, en calidade de competencia delegada pola secretaría
- .-Xestión e control da información pública exposta no taboleiro da anuncios do Concello, encargándose da súa actualización constante.
- Tramitación da correspondencia, tanto na súa saída como na súa distribución interna.
- Notificacións e traslados dos acordos e actos do concello.



Venres, 9 de decembro de 2022

Núm. 234

4º No ámbito da xestión de recursos humanos corresponde aos servizos de administración xeral as tarefas relacionadas coa xestión de recursos humanos entre as que podemos destacar:

- Tramitación e xestión da organización interna do traballo: permisos, vacacións, baixas, control de asistencia, etc...

- Tramitación dos expedientes de selección e acceso de novo persoal; preparación de bases para os procesos selectivos, xestión das solicitudes, elaboración e desenrolo das probas oportunas, etc...

- Control, seguimento e estudo do absentismo e das súas causas, encargándose dos medios e instrumentos necesarios para tentar de evitalo.

- Tramitación de expedientes de contratación de novo persoal.

- Elaboración e implementación dos procesos de promoción interna e provisión de postos de traballo; configurar bases da convocatoria, preparar e desenrolar as probas, xestión dos expedientes persoais, etc...

- Xestión e actualizacións constante do Rexistro do Persoal, anotando nel todas a variacións que se produzan e que sexa pertinente rexistrar.

- Xestión da nómina.

5º No ámbito da intervención correspóndelle asistir de maneira directa e colaborar nas funcións que normativa e estritamente se vinculan coa figura da intervención. Función de control e fiscalización interna da xestión económica-financiera e orzamentaria e función de contabilidade, e en xeral, as que especificamente se sinalan no RD 128/2018, así como toda a tramitación administrativa que se derive destas actividades. Entre as súas principais funcións podemos destacar:

- Función de control e fiscalización interna da xestión económica-financiera e orzamentaria.

- a) A función interventora.

- b) O control financeiro nas modalidades de función de control permanente e a auditoría pública, incluíndose en ambas o control de eficacia referido no artigo 213 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo. O exercicio do control financeiro incluirá, en todo caso, as actuacións de control atribuídas no ordenamento xurídico ao órgano interventor, tales como:

- 1.º O control de subvencións e axudas públicas, de acordo co establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

- 2.º O informe dos proxectos de orzamentos e dos expedientes de modificación destes.

- 3.º A emisión de informe previo á concertación ou modificación das operacións de crédito.

- 4.º A emisión de informe previo á aprobación da liquidación do Orzamento.



Venres, 9 de decembro de 2022

Núm. 234

5.º A emisión de informes, ditames e propostas que en materia económico-financeira ou orzamentaria fóronlle solicitadas pola presidencia, por un terzo dos Concelleiros ou Deputados ou cando se trate de materias para as que legalmente se esixa unha maioría especial, así como o ditame sobre a procedencia da implantación de novos Servizos ou a reforma dos existentes a efectos da avaliación da repercusión económico-financeira e estabilidade orzamentaria das respectivas propostas.

6.º Emitir os informes e certificados en materia económico-financeira e orzamentaria e a súa remisión aos órganos que estableza a súa normativa específica.

- Función de contabilidade.

6º No ámbito da contratación corresponde aos servizos xerais a tramitación dos expedientes de contratación, con excepción dos contratos menores que corresponderán as dependencias que teñan atribuídas as funcións correspondentes. Entre as súas principais funcións podemos destacar:

-Xestión global dos expedientes de contratación, baixo as directrices emanadas da normativa vixente e do propio Concello.

- Isto implica a participación na elaboración dos pregos de cláusulas e nas mesas de contratación, xestión da sinatura e rexistro final do contrato.

- Control e supervisión das certificacións de obras.

- Tramitación e control de actas de replanteo, final de obras, servizos, etc...

- Actualización da base de datos de contratación.

- Información ao cidadán sobre os diferentes expedientes, na medida na que a normativa e o estado de tramitación dos mesmos o permita.

- Elaborar o pregos de cláusulas administrativas, de acordo cos criterios fixados pola dependencias correspondente que todo caso deberá aportar a xustificación da necesidade de contratar, o cálculo do valor estimado e prezo do contrato, criterios de valoración, réxime sancionador e calquera outra cuestión cuxo coñecemento corresponda á dependencia correspondente.

- Non corresponde ao servizo de administración xeral salvo dentro do seu propio ámbito interno de actuación a tramitación de contratos menores, o control de propostas de gasto menor, a elaboración de pregos técnicos e os aspectos derivados da execución do contrato, con excepción da tramitación dos expedientes de modificación e resolución a proposta da dependencia correspondente.

7º No ámbito da xestión de subvencións recibidas corresponde aos servizos xerais a tramitación e seguimento das subvencións das que poida ser partícipe o Concello en ámbitos distintos aos atribuídos a outras dependencias. A xestión de subvencións recibidas comprende en todo caso:



Venres, 9 de decembro de 2022

Núm. 234

- A tramitación da solicitude, xustificación e subsanacións.
- A solicitude á intervención da correspondente modificación de crédito ou inclusión no orzamento inicial.
- A posta en coñecemento da dependencia que vai a executar a subvención de calquera circunstancia que poida afectar ao ingreso da mesma.

8º No ámbito da tesourería correspóndelle asistir de maneira directa e colaborar nas funcións que normativa e estritamente se vinculan coa figura da tesourería. Función de tesorería e recadación, e en xeral, as que especificamente se sinalan no RD 128/2018, así como toda a tramitación administrativa que se derive destas actividades. Entre as súas principais funcións podemos destacar:

1. A función de tesouraría comprende:

- a) A titularidade e dirección do órgano correspondente da Entidade Local.
- b) O manexo e custodia de fondos, valores e efectos da Entidade Local, de conformidade co establecido nas disposicións legais vixentes.

2. A función de xestión e recadación comprende:

- a) A xefatura dos servizos de xestión de ingresos e recadación.
- b) O impulso e dirección dos procedementos de xestión e recadación.
- c) A autorización dos pregos de cargo de valores que se entreguen aos recadadores, axentes executivos e xefes de unidades administrativas de recadación, así como a entrega e recepción de valores a outros entes públicos colaboradores na recadación.
- d) Ditar a providencia de prema nos expedientes administrativos deste carácter e, en todo caso, resolver os recursos contra a mesma e autorizar a poxa de bens embargados.
- e) A tramitación dos expedientes de responsabilidade que procedan na xestión recadatoria.

9º No ámbito do urbanismo a organización, dirección e control da ocupación e utilización do solo, o cal conleva o control da súa transformación mediante a urbanización, a edificación e a rehabilitación do patrimonio inmobiliario, así como a protección da legalidade urbanística e o réxime sancionador. Todo isto, dentro do marco competencial que a normativa establece para a Administración Local. Entre as súas principais funcións podemos destacar:

A) Polo que respecta ao planeamento, as funcións principias serán:

- a. Formular os plans e instrumentos de ordenación urbanística previstos na mencionada lexislación urbanística.
- b. Emprazar as infraestructuras, equipamentos, centros de produción e residenciais do modo máis adecuado para a poboación.



Venres, 9 de decembro de 2022

Núm. 234

- c. Dividir o territorio municipal en áreas de solo urbano, de núcleo rural, urbanizable e rústico.
  - d. Establecer zonas de distinta utilización segundo a densidade da poboación que vaia a utilizalas, porcentaxe de terreo que poda ser ocupado por construcións, volume, forma, número de plantas, clase e destino dos edificios, con arranxo ás ordenacións xerais vixentes.
  - e. Determinar o trazado das vías públicas e medios de comunicación.
  - f. Establecer espazos libres para parques e xardíns públicos en proporción adecuada ás necesidades poboacionais
  - g. Sinalar o emprazamento e características dos centros e servizos de interese público e social, centros docentes e análogos.
  - h. Cualificar terreos para a construción de vivendas suxeitas aos diferentes réximes de protección pública.
  - i. Determinar a configuración e dimensionamento das parcelas edificables.
  - j. Determinar o uso do solo, do subsolo e das edificacións
  - k. Orientar a composición arquitectónica das edificacións e regular, nos casos en que fose necesario, as súas características estéticas.
- B) Polo que respecta á execución do planeamento, as tarefas básicas serían:
- a. Realizar, conceder e controlar a execución das obras de urbanización.
  - b. Fomentar a iniciativa dos particulares, apoiando e promovendo a súa participación nos procesos de execución.
  - c. Expropiar os terreos e construcións necesarios para efectuar as obras e que sexan convintes para a economía da urbanización proxectada.
- C) Polo que respecta á intervención no mercado do solo, tradúcese nas seguintes tarefas
- a. Transmitir terreos edificables e establecer dereitos de superficie sobre os mesmos.
  - b. Constituír e xestionar patrimonios públicos do solo.
  - c. Exercitar os dereitos de tanteo e retracto.
  - d. Regular os terreos urbanos e urbanizables como garantía de dereito a unha vivenda digna.
- D) A competencia urbanística desta unidade en materia de intervención no relativo ao uso do solo e edificación comprenderá as seguintes tarefas:
- a. Intervir na parcelación de terreos.
  - b. Someter a previa licencia a construción e uso das fincas.
  - c. Prohibir os usos que non se axusten á ordenación urbanística.



Venres, 9 de decembro de 2022

Núm. 234

d. Esixir aos propietarios o cumprimento das obrigas impostas pola Lexislación aplicable. e. Controlar o exercicio de actividades Insalubres, Nocivas, Molestas e Perigosas, incluída a obriga da levanza do preceptivo libro rexistro das licencias deste tipo de actividades.

f. En xeral, levar o control sobre calquera actividade dos particulares sometidas a un control municipal similar ao anteriormente exposto.

E) As competencias en materia de disciplina urbanística comprenderá as seguintes tarefas:

a. Inspeccionar as obras, edificacións e usos do solo para comprobar o cumprimento da legalidade urbanística.

b. Adoptar as medidas necesarias para a restauración da orde urbanística vulnerada e repoñer os bens afectados ao estado anterior a que se producira a situación ilegal.

c. Sancionar aos responsables das infraccións urbanísticas.

10º No ámbito da promoción económica, desenvolvemento local e fomento do emprego, dentro do marco competencial que a normativa establece para a Administración Local. Entre as súas principais funcións podemos destacar:

- Promover accións de promoción socioeconómica para colectivos con especiais dificultades de reinserción socio-laboral, en coordinación cos Servicios de Asistencia Social.

- Captación de Axudas, posta en marcha de Programas de Formación, etc... Especialmente buscará ó acceso ás liñas de subvencións das restantes Administracións Públicas para actividades no eido da súa competencia e, principalmente, respecto ós programas ou iniciativas procedentes da Unión Europea (FSE, FIP, etc.).

- Promover accións de “padroado” de ámbito local, comarcal, autonómico, nacional e internacional en relación coa participación nos Programas da UE.

- Promover actividades que potencien a competitividade do tecido empresarial de Silleda.

- Desenvolver estudos, proxectos e actividades de mellora para institucións, organismos e empresas.

- Realizar Estudos de Mercado Laboral e Formación.-Levar a cabo Proxectos de Orientación e Información Profesional.

- Participar en Programas de Desenvolvemento Local e Comarcal. Neste senso buscará a combinación de fórmulas asociativas ou consorciais con outras Administracións Públicas ou entidades sen ánimo de lucro dirixidas mellorar a xestión das súas competencias e acceso ás devanditas liñas de axudas ou subvencións.

- Levar a cabo e xestionar Programas de Formación Ocupacional para desempregados así como Programas de Formación Contínua para Traballadores en Activo de Empresas.





Venres, 9 de decembro de 2022

Núm. 234

- Potenciar e desenvolver calquera acción tendente á consolidación e expansión de empresas xa existentes, así como a aparición doutras novas creadoras de emprego, traballo e benestar social.

- Colaborar con Institucións e cos Axentes Sociais (sindicatos e asociacións de empresarios) para a posta en marcha de Proxectos de Interese para o Entorno.

- Desenvolver materiais didácticos, especialmente recursos multimedia e de autoaprendizaxe, relacionados cos Programas de Formación.

- Editar revistas, boletíns, recopilacións, guías e, en xeral, calquera publicación, incluso mediante diapositivas, microfilms, películas, vídeos, software, etc., e en calquera soporte audiovisual, así como difundir nos medios de comunicación as finalidade y actuacións do Concello nestes campos.

- Solicita-la cualificación e inscrición a aqueles organismos de eido público que conveñan a fin de asegura-la participación do Concello en programas e concursos públicos de interese.

- Canalizar, investigar procedementos de acción e facer viables determinadas iniciativas municipais acordes cos obxectivos que se relacionan.-En xeral, todo aquilo que se considerase conveniente para o mellor cumprimento dos obxectivos e finalidades expostas.

11º No ámbito do medio ambiente, dentro do marco competencial que a normativa establece para a Administración Local asumirse a tramitación da totalidade dos expedientes en materia medioambiental que afecten ó Concello; execución de proxectos, actuacións neste área, expedientes sancionadores que se lle podan incoar ó Concello, etc.

## 02 SERVIZOS SOCIAIS.

Os servizos sociais municipais asumen todas as tarefas ligadas as competencias municipais en servizos sociais, muller e xuventude. Entre as súas principais funcións podemos destacar:

1º No ámbito do benestar social levarán a tramitación administrativa, incluído o seu control, impulso e seguimento, dos expedientes relacionados coa atención primaria en materia de asistencia social, ou servizos sociais de primeiro nivel, que cubre:

- Xestión das prestacións e dos servizos especializados.
- Tramitación dos expedientes de axudas e subvencións.
- Seguimento, avaliación e control dos centros e servizos propios ou concertados.
- Seguimento, avaliación e control dos fondos recibidos e os gastos derivados dos mesmos.
- Seguimento e aplicación dos programas de acción social.
- Así, neste marco e sen ánimo exhaustivo, asumirá as funcións de:
- Detectar, analizar e diagnosticar as situacións de risco e de necesidade social.



Venres, 9 de decembro de 2022

Núm. 234

- Informar, orientar e asesorar á poboación sobre os recursos dispoñibles e o seu dereito a utilizalos.
- Previr as situacións de risco, intervindo sobre os factores que o provocan e desenvolvendo actuacións que eviten a aparición de problemáticas ou necesidades sociais.
- Apoiar á unidade de convivencia mediante a atención ou o coidado de carácter persoal, psicosocial, doméstico e técnico.
- Proporcionar, con carácter temporal ou permanente, medidas alternativas de convivencia en situacións de deterioro físico, psíquico, afectivo ou socioeconómico que impidan o desenvolvemento persoal ou familiar e que non requiran un tratamento especializado.
- Favorecer a inserción social de persoas e colectivos a través de procesos de participación e cooperación social.
- Realizar programas de sensibilización sobre as necesidades dos servizos sociais existentes e fomentar a participación social no desenvolvemento da vida comunitaria.
- Xestionar as prestacións básicas así como, chegado o caso, as complementarias.
- Colaborar na xestión das prestacións do segundo nivel nos termos que regulamentariamente se establezan.
- Colaborar cos Sistemas Públicos de Benestar Social que incidan no seu eido territorial.
- Servir de base nas labores de planificación e racionalización eficaz dos recursos sociais mediante a detección das necesidades sociais no seu eido territorial.
- Promoción e organización do voluntariado social.
- Calquera outra función análoga.

2º No ámbito da atención primaria a prevención, detección, análise de necesidades, programación do traballo social e prestación de servizos axeitados. Son tarefas concretas da atención primaria:

- A detección e análise das necesidades e carencias sociais.
- A información, orientación e asesoramento aos cidadáns sobre os seus dereitos sociais e os procedementos para o seu exercicio, así como, no seu caso, a intermediación necesaria par que sexan efectivos.
- A prevención no ámbito da comunidade.
- A mellora da autonomía persoal así como a integración e permanencia no medio familiar e social mentres sexa desexada e convinte.
- A inserción social dos membros marxidados e excluídos da comunidade.



Venres, 9 de decembro de 2022

Núm. 234

- A animación e desenvolvemento comunitario.

3º No ámbito da atención especializada na muller, que facilita atención, acollida, información e asesoramento a mulleres, co obxecto de prever ou dar resposta a situacións de emerxencia, discriminación, maltrato ou desamparo son tarefas concretas:

- Asesorar e orientar a muller sobre os seus dereitos e formas de inserción laboral.
- Prestar información e asesoramento xurídico, así como atención psicolóxica ás mulleres que a demanden.
- Desenvolve programas de promoción e participación social, de prevención e intervención para colectivos de mulleres de alto risco, especialmente, mulleres vítimas da violencia doméstica.
- Información en materia de recursos.
- Calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade das mulleres que de forma individualizada o demanden.
- Información e asesoramento en materia de igualdade de oportunidades aos grupos de mulleres que de forma colectiva o demanden.
- Avaliación periódica das actuacións desenvolvidas.
- Elaboración de peticións de subvencións e memorias xustificativas.

4º No ámbito do apoio familiar os servizos sociais do Concello de Silleda encargaranse das necesidades sociais específicas que poidan xurdir no ámbito familiar, o cal implica a posta en marcha de actuacións e programas encamiñados á prevención e superación das problemáticas derivadas da desintegración familiar: isto implica que se deberán afrontar problemas moi vinculados coa infancia, a xuventude, a 3ª idade, así como toda a problemática derivada da marxinación ou non inclusión social (desemprego, falta de recursos, inadaptación social, etc...). Todo elo, cun claro reflexo no ámbito familiar, en canto receptor de todas estas problemáticas e con claro perigo de desintegración, o cal debe tratar de evitarse dende este servizo municipal. Polo tanto, a finalidade deste servizo será a posta en marcha de programas e tratamentos especialmente orientados cara a normalización, persoalización e integración sociofamiliar dos seus beneficiarios. Son tarefas concretas neste ámbito:

- Estudio e valoración das demandas, derivadas dun adecuado sistema de avaliación de necesidades, dando lugar ao correspondente deseño de propostas de intervención, cos obxectivos e estratexias a seguir, movilizandoo e asignando os recursos necesarios.
- Elaboración, programación, coordinación e supervisión do Servizo de Axuda a Domicilio. Neste ámbito, a competencia do servizo limitarase á supervisión, xa que os servizos operativos de asistencia domiciliaria non están asumidos polo Concello, aínda que si que deberá de asumir o seu control e adecuada coordinación.



Venres, 9 de decembro de 2022

Núm. 234

